



## Dios Ke Te Crew esgota todas as entradas da celebración 'Tremendos Anos 20', na que festexará dúas décadas sobre os escenarios

A cita será o 2 de decembro e contará con Hermano L, High Paw, DJ Mil, Grande Amore, Malandróneda, Boyanka Kostova, Leo i Arremecághona, Santino, Vituco Neira (Ruxe Ruxe), Guillermo (Quempallou), Los Rastreadores, Rebeliom do Inframundo, Saibran Yi yi, Ra Velenosa, Rico Suárez, Chicho Selector, Padre Murdock e Croma

SALA CAPITOL [ 19:30 H - 00:00 H ]

SALA MALATESTA [ 00:30 H - 05:00 H ]

20

**SOLD OUT**

**DIOS KE TE CREW**  
| HERMANO L | HIGH PAW | DJ MIL |

ARTISTAS COLABORADORES (FEATURING)

| BOYANKA KOSTOVA | LEO I ARREMECÁGHONA | GRANDE AMORE |  
| SANTINO | VITUCO NEIRA | MALANDRÓNEDA | GUILLERME |

RUXE RUXE QUEMPALLOU

SALA MALATESTA

**LOS RASTREADORES** ORTIGA & GRANDE AMORE

INTERVENCIÓN DIVINAS (SHOW CASES)

| REBELIOM DO INFRAMUNDO | SAIBRAN YI YI |  
| RA VELENOSA | RICO SUÁVEZ |

SESIONES ESPIRITUOSAS (DJ SETS)

| CHICHO SELECTOR | PADRE MURDOCK | CROMA |

> ENTRADA CAPITOL + DISCO FANZINE: 20 € | ENTRADA CAPITOL + MALATESTA + DISCO FANZINE: 25 € <  
• INFO/ENTRADAS Á VENDA -> WWW.DIOSKETECREW.ORG

**Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023.-** Dios Ke Te Crew vén de pendurar o cartel de “entradas esgotadas” para a celebración das súas dúas primeiras décadas sobre os escenarios. Xa non quedan billetes dispoñibles para asistir á xornada maratoniana de directos que terá lugar o 2 de decembro en Santiago de Compostela e na que a banda,



ademais de revisar os seus grandes éxitos, se acompañará de numerosos artistas do país para **festexar vinte anos de rap en galego**.

Co gallo da efeméride, o público recibirá, como **agasallo pola compra da súa entrada, un disco-fanzine de edición exclusiva**, formado por 20 ilustracións doutras tantas artistas gráficas, e 20 remixes de dúas decenas de temas de Dios Ke Te Crew, feitas por outros tantos produtores musicais. O disco-fanzine, que se editará en formato A5, poderase recoller na Sala Capitol o propio 2 de decembro, e contará con QR's para a escoita directa das versións das cancións de DKTC.

## **FESTA TREMENDOS ANOS 20**

Nun mes, o vindeiro 2 de decembro, a banda máis emblemática do hip hop galego celebrará por todo o alto as súas dúas décadas de traxectoria musical. A festa **Tremendos Anos 20** preséntase, en palabras de DKTC, como unha ocasión “única” e “irrepetible” que, a modo de “exclusiva cerimonia litúrxica”, festexará vinte anos de vida a través dun “abraiante akelarre musical de amizades”. A banda acompañaranse de artistas como **Malandrómeda, Grande Amore, Boyanka Kostova, Leo i Arremecághona, Vituco Neira** (Ruxe-Ruxe), **Santino e Guillerme** (Quempallou), con quen compartirán escenario con DKTC na noite do 2 de decembro na Sala Capitol, espazo no que tamén actuarán **Hermano L, High Paw e DJ Mil** desde as 19.30 horas.

Os festexos continuarán na Sala Malatesta. Entre as 00.30 e as 05.00 horas, celebrarase o concerto de **Los Rastreadores** (Ortiga & Grande Amore) e os *showcases* de **Rebeliom do Inframundo, Saibrán Yi yi, Ra Velenosa e Rico Suáñez**, ademais dos *dj sets* de **Chicho Selector, Padre Murdock e Croma**, e outras sorpresas adicionais.

**Para máis información:**

### **Contacto de prensa DKTC**

Lucía Pita | 675 404 321

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Descarga aquí o [kit de prensa](#) DKTC - Tremendos Anos 20